

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 13 de decembro de 2013

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o trece de decembro do ano dous mil trece, ás trece horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados don Plácido Álvarez Dobaño, don José Antonio Feijóo Alonso, don Antonio Montero Fernández, don Emilio José Pazos Ojea, don José Manuel Freire Couto, don Francisco Rodríguez Rodríguez e don Eladio Mangana Nóvoa os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Non asiste á sesión o deputado provincial e vicepresidente 1º don Rosendo Luis Fernández Fernández.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DO DÍA 5 DE DECEMBRO DE 2013.- Unha vez examinada a acta da sesión que tivo lugar o día cinco de decembro de dous mil trece, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- PAGAMENTO ANTICIPADO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO, CON DATA 18 DE OUTUBRO DE 2013, Á FUNDACIÓN BALNEARIO DE CORTEGADA, PARA AS REFORMAS NO EDIFICIO DO NOVO BALNEARIO.- Con data 18 de outubro de 2013, a Xunta de Goberno concedeulle á Fundación Balneario de Cortegada unha subvención por importe de 50.000,00 euros, para as reformas no edificio do novo balneario.

Con data 5 de novembro de 2013, a Fundación Balneario de Cortegada presentou documentación xustificativa acreditativa da realización da actividade subvencionada, na que figura factura expedida polo adxudicatario das obras.

Con data 30 de novembro de 2013, o beneficiario presenta documentación complementaria á da xustificación presentada anteriormente, na que comunica que a factura xustificativa non se pagou por problemas de tesourería da entidade, solicitando o pago anticipado do importe da subvención. Xunto co compromiso de achegar ó expediente o documento acreditativo do pago da factura xustificativa no prazo de vinte días naturais

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 13 de decembro de 2013

contados desde o ingreso do importe da subvención nas arcas da fundación, considerando as garantías comprometidas polo seu presidente, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda**:

- A aprobación do pagamento anticipado á Fundación Balneario de Cortegada da subvención concedida por acordo da Xunta de Goberno, con data 18 de outubro de 2013, para as reformas no edificio do novo balneario, por importe de 50.000,00 euros, con indicación das garantías comprometidas polo presidente da dita entidade.

3.- PAGAMENTO ANTICIPADO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO, CON DATA 15 DE NOVIEMBRE DE 2013, Ó CONCELLO DE MELÓN PARA O EQUIPAMENTO DO XIMNASIO.- Con data 15 de novembro de 2013, a Xunta de Goberno concedeulle ó Concello de Melón unha subvención por importe de 41.600,00 euros, para o equipamento do ximnasio.

Con data 22 de novembro de 2013, o Concello de Melón presentou documentación xustificativa acreditativa da realización da actividade subvencionada, na que figura factura expedida polo adxudicatario da subministración con indicación de que o dito documento non se pagou por insuficiencia da tesourería municipal. Acompaña a dita documentación xustificativa coa solicitude de pago anticipado formulada polo beneficiario. Xunto co compromiso de achegar ó expediente o documento acreditativo do pago da dita factura, no prazo de vinte días naturais contados desde o ingreso do importe da subvención nas arcas municipais, considerando as garantías comprometidas polo dito concello, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda**:

- A aprobación do pagamento anticipado ó Concello de Melón da subvención concedida por acordo da Xunta de Goberno, con data 15 de novembro de 2013, para o equipamento do ximnasio, por importe de 41.600,00 euros, con indicación das garantías comprometidas polo dito concello.

4.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONSEJO REGULADOR DE LA DENOMINACIÓN DE ORIGEN VALDEORRAS.- No Pleno de data 27 de setembro de 2013 acordouse aproba-lo expediente n.º 4/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 4.000,00 euros a favor do

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 13 de decembro de 2013

Consejo Regulador de la Denominación de Origen Valdeorras para a celebración da Feira do Viño 2013, con cargo á aplicación orzamentaria 334.13/489.00.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Consejo Regulador de la Denominación de Origen Valdeorras, nos seguintes termos:

-Importe: 4.000,00 €.

-Obxecto: celebración da Feira do Viño 2013.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

-Prazo xustificación: ata o 20 de decembro de 2013.

5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE MUÍÑOS.- No Pleno de data 27 de setembro de 2013 acordouse aproba-lo expediente nº 4/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 30.000,00 euros a favor do Concello de Muíños, para o punto de almacenamento temporal dos residuos de construción e demolición, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01.

Unha vez vista a solicitude de subvención formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Muíños, nos seguintes termos:

-Importe: 30.000,00 €.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 13 de decembro de 2013

-Obxecto: o punto de almacenamento temporal dos residuos de construción e demolición.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

-Prazo xustificación: ata o 20 de marzo de 2014

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE

CEA.- No Pleno de data 27 de setembro de 2013 acordouse aproba-lo expediente nº 4/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 15.000,00 euros a favor do Concello de San Cristovo de Cea, para o acondicionamento do PAI, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01.

Unha vez vista a solicitude de subvención formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de San Cristovo de Cea, nos seguintes termos:

-Importe: 15.000,00 €.

-Obxecto: acondicionamento do PAI.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 13 de decembro de 2013

-Prazo xustificación: ata o 31 de marzo de 2014

7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A PONTE OURENSE CLUB DE FÚTBOL

SAD.- No Pleno de data 27 de setembro de 2013 acordouse aproba-lo expediente nº 4/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 11.687,00 euros a favor de Ponte Ourense Club de Fútbol SAD, para os gastos de mantemento e funcionamento da entidade correspondentes á tempada 2012-2013, con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/482.01.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención a Ponte Ourense Club de Fútbol SAD, nos seguintes termos:

-Importe: 11.687,00 €.

-Obxecto: os gastos de mantemento e funcionamento da entidade correspondentes á tempada 2012-2013.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

-Prazo xustificación: ata o 20 de decembro de 2013.

8.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Trala unánime declaración da urxencia do asunto, por non figurar incluído na orde do día, adoptouse o seguinte acordo:

8. a) APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN SPECIAL OLYMPICS

GALICIA.- No Pleno de data 26 de abril de 2013 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 13 de decembro de 2013

concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 10.000,00 euros a favor da Asociación Special Olympics Galicia, para a celebración de actividades da entidade na provincia de Ourense correspondentes ó ano 2013, con cargo á aplicación orzamentaria 231.11/480.01.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade e trala unánime declaración de urxencia do asunto, por non figurar incluído na orde do día, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Asociación Special Olympics Galicia, nos seguintes termos:

-Importe: 10.000,00 €.

-Obxecto: a celebración de actividades da entidade na provincia de Ourense correspondentes ó ano 2013.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

-Prazo xustificación: ata o 20 de decembro de 2013.

9.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non houbo.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás trece horas e trinta minutos, do referenciado día trece de decembro do ano dous mil trece, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,